

CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 1 Resolución do 19 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades pola que se establece o calendario de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG do 30), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **2 alumnos**, dun total de 4 que debe ter o Consello Escolar.
2. O censo electoral do alumnado está exposto a partir da data no taboleiro de anuncios da sala de profesores do Centro.
- 3.- As candidaturas correspondentes poderanxe presentar a partir do día da data ata as 14'00 horas do día 14 de novembro
- 4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre o alumnado que non se presenten como candidatos/as, o día 17 de novembro, ás 11:00 horas. Dita mesa electoral estará composta polo Director do Centro, que actuará como Presidente, e dous alumnos/as por sorteo, actuando de secretario/a o de menor idade.
- 5.- A campaña electoral comprenderá dende o 18 ao 22 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente/a da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES. O día 23 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.
- 6.- As votacións realizaranse neste IES o **día 24 de novembro, de 8:45 a 13:00 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 8:30. horas.
- 7.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo **1 nome** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.
- 8.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.
- 9.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Ourense, 4 de novembro de 2022
O PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: 